

## ***Feminismo e xénero na literatura infantil e xuvenil galega: unha análise a partir dos personaxes de mulleres***

### ***Feminism and Gender in Galician Children's Literature: An Analysis Based on Female Characters***

*Montse PENA PRESAS*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

*Eu son os libros que lin*  
Jorge Luís Borges

RESUMO: O feminismo foi un elemento clave para a transformación dos modelos de nenas e de mulleres que aparecían na literatura infantil e xuvenil. Sendo este ámbito de produción literaria o primeiro que incide na formación lectora, o tratamento dos sexos e dos xéneros que amosan estas ficcións resulta fundamental para axudar a establecer os valores da femineidade e da masculinidade nas cativas e cativos. Esta achega propón unha visión panorámica a través dos personaxes de mulleres que aparecen na literatura infantoxuvenil galega para analizar que tipo de modelos se lles presentan á infancia e á mocidade dende estas obras e cales son as posibles liñas de evolución asociadas a cada etapa.

PALABRAS CLAVE: feminismo, xénero, literatura infantil e xuvenil, personaxes de mulleres

ABSTRACT: Feminism was a key element in the transformation of the roles of girls and women as portrayed in children's and juvenile literature. In this type of literature, which is the first contact point and therefore crucial to the formation of reading habits, the treatment of gender is fundamental to the development of the values of femininity and masculinity in girls and boys. This article offers a panoramic vision through the female characters portrayed in Galician children's and juvenile literature in order to analyze the type of models presented by these literary works to young readers and to examine the possible lines of evolution associated with each stage.

KEY WORDS: Feminism, Gender, Children's and juvenile literature, Female characters

## A literatura infantil e xuvenil como axente socializador

Tal e como predica a fermosa sentenza de Borges traducida e citada numerosas veces por Agustín Fernández Paz<sup>1</sup>, todas e todos estamos conformados –coma pequenas peciñas dun caleidoscopio– por aqueles libros que por nós pasaron. Algúns deixarían un pequeno rastro, outros –sen dúbida– un pouso meirande, mais o corpo e a cabeza gardan certa memoria social dos mesmos, de maneira que as lecturas, alén da nosa educación, do noso medio de desenvolvemento e a nosa socialización, tamén acaban por conformar unha parte importante das nosas expectativas, valores e crenzas. Así funcionan, moi especialmente, as primeiras historias e versos que pasan polas nosas mans, porque nos fornecen dos modelos iniciáticos con que enfrontámonos ao mundo. En palabras da escritora María Reimóndez, diríamos que “é na literatura infantil onde se poñen os lombos dos libros que habemos de escribir na vida cos nosos actos”<sup>2</sup>. É por isto mesmo que a visión que as lecturas infantoxuvenís deitan sobre a feminidade e a masculinidade, inda que en moitas ocasións se ten presentado como un elemento insubstancial, resulta fundamental para entender de onde veñen moitos dos prexuízos, limitacións e construcións que ás veces se observan nas cativas e cativos e que adoitan estar firmemente presentes no mundo adulto. Eis o dobre perigo: namentres os estereotipos xenéricos continúen aboiano na literatura infantil e xuvenil (LIX)<sup>3</sup>, esta franxa de lectorado estará dobremente exposta. Por unha banda, recibirán todo ese *imput* da maioría das lecturas que se lles fornezan; pola outra, a meirande parte dos e das mediadoras (xa sexan estes escritores, bibliotecarias, ilustradoras, pais, nais, críticos ou mestras) entre este público e a literatura, estarán inmersos en prexuízos do mesmo tipo, o que en non poucas ocasións limitará as interpretacións críticas e construtivas. Non obstante, entre este grupo mediador haberá tamén voces que, sensibilizadas dende diferentes ámbitos, pero infuídas case que sempre directa ou indirectamente polo movemento feminista ou polas súas pegadas, abrirán as portas para que a infancia e a mocidade teña acceso a outros modelos, a outras visións e a unha realidade –a da igualdade entre os sexos– tamén presente inda que polo momento non maioritaria.

O impacto do movemento feminista nas diferentes literaturas infantís e xuvenís europeas como rompente alicerzadora, de renovación e mesmo de rebelión fronte a unha visión xenérica estereotipada, especialmente a partir da década dos 70 –tal e como se verá máis adiante–, é un feito que está aínda sen estudar en toda a súa magnitude. Moitos motivos confúen para que tal ocorra: o carácter periférico da LIX como ámbito de investigación ata ben entrada a segunda parte do século XX; o tardío, puntual e desigual interese pola coeducación<sup>4</sup> por unha boa parte dos axentes sociais; e tampouco se pode

---

<sup>1</sup> Agustín Fernández Paz, *O rastro que deixamos* (Vigo: Xerais, 2012).

<sup>2</sup> María Reimóndez, “Unha páxina máis”, *culturagalega.org/album* (Especial “De nenas e de libros”). Edición en liña en: [http://culturagalega.org/album/docs/55\\_04.pdf](http://culturagalega.org/album/docs/55_04.pdf) [última consulta: 5-11-2013]

<sup>3</sup> De aquí en diante referireime numerosas veces a este campo literario empregando estas siglas.

<sup>4</sup> A loita e a reivindicación sobre a necesidade de que a educación fose igualitaria para ambos sexos foi unha das reivindicacións históricas dos grupos feministas, como se amosa no artigo “Movemento feminista e educación en Galicia 1970-1990” da miña compañeira Marián Mariño Costales, publicado nesta mesma revista. Non

esquecer que, no noso ámbito, na crítica e investigación de libros infantís segue a primar o historicismo máis clásico. Porén, hai un motivo que resulta fundamental: o carácter marcadamente ideolóxico que se lle atribuíu tanto ao movemento feminista coma aos seus estudos. Se ben toda denominación é un potente axente ideoloxizador, escureceuse a palabra feminista e os seus derivados en favor do confuso e ás veces problemático termo “xénero”, adoptado pola maioría das ciencias sociais e con grandes –e xa imparables– resonancias nos estudos literarios. Non obstante, cómpre considerar, tal e como lembra Lourdes Méndez<sup>5</sup>, que unha investigación centrada nas mulleres ou no xénero, non ten por que empregar métodos de análise feministas. Inda que por cuestións de espazo non afondarei nesta cuestión, si sinalarei que o título deste artigo non é casual, xa que pretende lembrar a importancia do movemento feminista, a través da coeducación, como orixe da revisión dos personaxes e dos espazos asociados a estes nas ficcións e, polo tanto, como axente de cambio fundamental na LIX. Ao mesmo tempo, debido ao emprego amplamente consolidado do termo “xénero” nas investigacións<sup>6</sup>, tampouco semellou oportuno ignoralo<sup>7</sup>, especialmente porque tamén anuncia o decorrer fundamental desta achega: as imaxes de nenas e mulleres nas creacións de LIX, das que se elabora unha panorámica empregando tanto estudos que claramente se autodenominan feministas como investigacións que se sitúan na xa ampla bibliografía que engrosa os estudos de xénero.

### **A importancia dos e das personaxes como elementos en que se manifesta a tensión xenérica**

Para analizar con profundidade se unha obra é igualitaria respecto ao tratamento dos sexos e dos xéneros, en países coma Estados Unidos e Gran Bretaña, onde a investigación en literatura infantoxuvenil, estudos feministas e estudos de xénero está abondo avanzada pola longa e rigorosa tradición con que conta<sup>8</sup>, adóitanse empregar varios elementos discursivos (fundamentalmente, a combinación da análise dos caracteres coa análise espacial). Pola contra, no ámbito estatal, estas pescudas véñense realizando a partir dos e das personaxes que aparecen na ficción, polas evidencias que amosan á hora de valorar o sexismo ou non dunha peza literaria. Nesta miña achega, aínda sendo consciente que unha proposta baseada nos caracteres esquece datos tamén reveladores, desenvolverei unha panorámica de estruturación histórico-sociolóxica que manexará sobre todo valoracións

---

obstante, a coeducación só era percibida como unha necesidade para os grupos de mestras e mestres directa ou indirectamente infuídos polo movemento feminista e, en todo caso, non constituía unha das preocupacións das axencias educativas.

<sup>5</sup> Lourdes Méndez, *Antropología feminista* (Madrid: Editorial Síntesis, 2007), 13.

<sup>6</sup> De feito, a etiqueta “estudos de xénero” ou simplemente o vocábulo “xénero” están presentes en case todas as referencias consultadas.

<sup>7</sup> A pesar de que son consciente que pode parecer contradictorio usar as dúas etiquetas, a miña intención é reivindicar a primeira (“feminismo”) como movemento social de transformación da cultura e dos estudos culturais e non renunciar ao auxe e ao desenvolvemento no ámbito das ciencias sociais con que conta a segunda (“xénero”).

<sup>8</sup> Dende finais dos anos sesenta do século XX á actualidade, investigadoras coma Lissa Paul e Roberta Trites ou estudosos como Perry Nodelman e Peter Hunt contribuíron a asentar un significativo aparello crítico que permite contar con teorizacións sobre LIX, feminismo e xénero de singular calado.

de tipo cualitativo –inda que faga uso de certos elementos cuantitativos para se xustificar–, alicerzada moi especialmente nalgunhas das personaxes femininas máis significativas<sup>9</sup> da literatura infantoxuvenil galega.

A pesar de que as mulleres foron “axentes fundamentais na transmisión dos contos e as responsables da produción”<sup>10</sup>, imposibilitando o espallamento de narracións que amosasen unha imaxe negativa delas, e a pesar tamén que a literatura infantil galega de tradición escrita se abre cun texto titulado con nome de muller, *Margarida a da sorrisa d’aurora: conto*<sup>11</sup> (*sic*) (1927) de Evaristo Correa Calderón, a produción de noso para o lectorado en formación semella esquecer ás nenas, como amosan os datos manexados. Cómpre tamén ter en conta que a LIX foi un ámbito en que as autoras axiña se implicaron na creación, posiblemente porque tanto as mulleres como a infancia compartiron o seu estatus de persoas con difícil acceso ao mundo de poder. En certa maneira, tanto a literatura infantoxuvenil como a literatura escrita por mulleres sempre foron os ámbitos dunha certa clase de marxidados e marxinadas: a infancia –como grupo social que xorde tardiamente, xa no século S. XVIII<sup>12</sup>– e as mulleres que escribían, cuxa eclosión como colectivo non se produciu ata o chamado período victoriano. De feito, a crítica literaria en lingua inglesa ten sinalado as relacións entre a literatura producida polas escritoras e a literatura infantil, dado que ambas son manifestacións literarias en que os reprimidos triunfan, a partir do equilibrio entre o acatamento ás normas e o desafío ás convencións sociais que normalmente se atopa nestes textos<sup>13</sup>.

### **Tempo de mudanzas (1975-1985): voces estereotipadas fronte a voces feministas**

Con anterioridade a esta década, a literatura infantil e xuvenil galega era practicamente un soño, pois malia a forza de textos que habían marcar o futuro como as *Memorias dun neno labrego* (1961) de Xosé Neira Vilas ou *A galiña azul* (1968) de Carlos Casares e o comezo do interese do Grupo Galaxia por este tipo de literatura –fundamentalmente de Francisco Fernández del Riego, alentado polo propio Neira Vilas–, a publicación de libros ficcionais para rapazas e rapaces no idioma de noso era moi irregular, senón practicamente inexistente. Porén, a década que se alonga entre 1975 e 1985 presenta un panorama radicalmente diferente, xa que as transformacións legais a prol do galego<sup>14</sup> se manifestan nun aumento da produción de literatura infantoxuvenil. Este aumento da produción vén

<sup>9</sup> Como calquera traballo, esta análise é unha mirada concreta sobre os personaxes femininos con voz de seu que hai na LX galega. Isto significa que se resaltarán uns e se esquecerán outros, sen que a non inclusión dunha determinada obra ou autor reste un mínimo de valía a eses caracteres ou pezas literarias.

<sup>10</sup> Camiño Noia, “Bruxas e fadas, princesas e labregas. Figuras de muller nos contos galegos”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2005*: 84.

<sup>11</sup> Aínda que se trata dunha obra con connotacións machistas evidentes.

<sup>12</sup> Zohar Shavit, *Poetics of Children’s Literature* (Athens: The University of Georgia Press, 1986), 3-5.

<sup>13</sup> Perry Nodelman, “Literary Theory and Children’s Literature. Children’s Literature as Women Writing”, *Children’s Literature Association Quarterly* 13, 1 (1988): 31-34; Lissa Paul, “Enigma Variations: What Feminist Theory Knows About Children’s Literature”, *Signal* 53 (1987): 186-202.

<sup>14</sup> En 1981 proclámase o Estatuto de Autonomía e en 1983 a Lei de Normalización Lingüística, o que supón a entrada da lingua galega en todos os niveis do ensino obrigatorio.

amparado por varios factores: a implicación de diferentes grupos de creadores e creadoras (mestras interesadas en que o seu alumnado tivese textos literarios orixinais en galego, autoras que xa se implicaran coa LIX en períodos previos, e escritores de literatura para adultos que se centran agora no público infantil), o desembarco de editoras estatais no país e a creación de editoriais propiamente galegas, e a necesidade de xerar ficcións xuvenís –practicamente inexistentes nas décadas anteriores. Mais especificamente, e para o tema central deste artigo, este período resulta tamén fundamental porque, noutras literaturas –como a norteamericana ou a española– se comeza a tomar consciencia do papel que os roles de xénero xogan nos libros para nenas e mozos. De feito, os finais dos anos setenta son, noutros sistemas literarios, o tempo do feminismo, mais tamén da ecoloxía, o pacifismo, o antiautoritarismo, a homosexualidade ou o anticonsumismo<sup>15</sup>. En xeral, os libros que se producen nesta etapa en Europa occidental e en Norteamérica están marcados por unha compoñente didáctica evidente, empregada polas ideoloxías xurdidas como consecuencia do maio do 68 para transmitir as súas consignas. De feito, Peter Hollindale aínda sinalaba no ano 1988: “It’s very difficult in contemporary Britain to write an anti-sexist, anti-racist or anti-classist novel without revealing that these are still objectives, principles and ideals rather than the realities of predictable everyday behaviour”<sup>16</sup>. Neste contexto hai que situar o lanzamento en España de “A favor de las niñas”, colección ideada por Adela Turín<sup>17</sup> –que era a autora de todos os textos que a integraban– e ilustrada por Nella Bosnia, que fornecía de alternativas ás nenas, amosando outros modelos de relación entre os sexos e un futuro en que as mulleres eran capaces de todo. Porén, á vez que se valorizaba ás pícaras, os cativos eran os novos esquecidos: os personaxes masculinos ideados por Turín contaban con escasas características positivas.

No ámbito galego, o panorama era un tanto diferente. Se se analizan cuantitativamente os personaxes principais das 22 obras de narrativa<sup>18</sup> que se deron ao prelo no período 1975-1985, obtéñense os seguintes datos: o 61,22% dos protagonistas son homes, o

<sup>15</sup> Teresa Colomer, “Una nova literatura per als nous lectors”, en *Ajudar a llegir. La formació lectora a primària i secundària*, ed. Teresa Colomer (Barcelona: Editorial Barcanova, 1992), 105-128.

<sup>16</sup> Peter Hollindale, *Ideology and the children’s book* (Oxford: Thimble Press-Westminster College, 1988), 10.

<sup>17</sup> O nome orixinal da colección é “Della parte dalla bambina”, na que saíron do prelo máis de vinte títulos na editora homónima fundada en Milán pola propia Turín, que dende os finais dos anos sesenta estaba a analizar os roles de xénero na LIX. No mercado español, os textos viron a luz da man da editorial Lumen a partir de 1976. Dende 2012, algún dos seus títulos máis emblemáticos –ata o momento, *Artur e Clementina*, *Rosa caramelo* e *A historia dos bonobos con gafas*– están sendo reeditados en gran formato por Kalandraka, nunha colección nomeada como a propia autora. O rescate destes textos xa emblemáticos cómpre entendelo non só como a recuperación de álbums clásicos emprendida como estratexia e liña de acción pola editora, senón tamén como a percepción dunha necesidade: no actual contexto de crise económica e social, son os grupos desfavorecidos os que levan a peor parte, e as mulleres non están alleas a isto, como amosan o aumento de vítimas de violencia de xénero, o incremento da fenda salarial entre homes e mulleres e mesmo a anacrónica publicación de manuais encamiñados a moldear o perfil da muller como ser social.

<sup>18</sup> A análise parte de textos narrativos escritos exclusivamente en galego, que non constitúan adaptacións de contos populares (bastante comúns na época), de autoría recoñecida e que non sexan materiais de lectura destinados ao ensino en primeira instancia (nos primeiros oitenta foron habituais os libros de texto de lingua galega que se compoñían de lecturas a partir das que se elaboraban cuestións).

26,53% mulleres e o 12,24% das obras conta con personaxes principais de ambos sexos<sup>19</sup>. A primacía masculina é evidente. O resultado non debe sorprender, pois a tendencia remóntase ao comezo das letras para cativos e mozas<sup>20</sup>. Nunha análise cualitativa, apréciase como, mentres os varóns aparecen en todas as tendencias temáticas da época<sup>21</sup>, a utilización dos personaxes femininos está moito máis limitada. Non obstante, a medida que a LIX galega se consolida e ao mesmo tempo se renova, as obras amósanse máis propicias a introducir nenas protagonistas en que se sustente o peso da narración<sup>22</sup>. Ocorre así nas novelas realistas de resolución de conflitos ou misterios, nas que os autores e autoras apostan porque as mulleres estean presentes, como ocorre no conto *O día que choveu de noite* (1985) de Helena Villar Janeiro. Ao contrario, na vía do fantástico semella haber una reacción a esta tendencia: en ningunha das obras hai caracteres femininos de relevancia.

Todo isto ocorre a pesar de que a literatura infantoxuvenil constituía unha excepción nas letras galegas polo significativo número de produtoras que estaban implicadas na súa creación. De feito, Dolores Vilavedra<sup>23</sup> sinala que, durante os primeiros anos oitenta, “as narradoras estaban nunha posición privilexiada non só para facerse cunha importante cota de mercado senón para contribuír de xeito decidido á modernización técnica e temática deste produto literario”. Non obstante, comprobárase que as innovacións non veñen unicamente da banda das autoras –que aproveitarán de 1984 en diante para incorporar elementos do discurso feminista ás súas obras–, senón tamén da man dalgúns autores, que conscientes do baleiro de protagonistas femininas que existe en moitos textos literarios, se implicarán na introdución dos mesmos<sup>24</sup>.

No marco deste contexto en que as personaxes femininas aparecen suxeitas a unhas liñas temáticas determinadas, seguramente infuídos polo que estaba a ocorrer noutras literaturas, publicanse os dous primeiros textos feministas da LIX galega. Con eles chegan as primeiras protagonistas con voz de seu. Aplícase o calificativo de “feminista” tal e como o fai Roberta S. Trites<sup>25</sup>, cando explica que unha ficción infantoxuvenil feminista “it is a novel in which the main character is empowered regardless of gender. A key concept here is *regardless*: in a feminist children’s novel, the child’s sex does not provide a permanent obstacle to her development”. En 1984 Xohana Torres tira do prelo *Pericles e a balea*, unha

<sup>19</sup> Montse Pena Presas, “As imaxes femininas na narrativa infantil e xuvenil galega: dos roles tradicionais á novela feminista (1975-1985)”, *Madrygal*, 15 (2012): 108.

<sup>20</sup> Adela Turín, “Hermosas, cariñosas y pacientes”, *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil (CLIJ)*, 11 (1989): 24-27.

<sup>21</sup> Estas serían, en concreto, tradición popular, realismo social, realismo contemporáneo, fantasía e herdanza mítica.

<sup>22</sup> É preciso aclarar, porén, que desta porcentaxe de personaxes femininos só un 8,16% aparece en relatos, o que demostra a escasa relevancia que mulleres, nenas e anciáns tiveron á hora de protagonizar narracións de entidade nesta década.

<sup>23</sup> Dolores Vilavedra, “Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina”, *Madrygal. Revista de Estudos Galegos* 10 (2007): 145-151.

<sup>24</sup> Fernández Paz, *O rastro que deixamos*, 164-165.

<sup>25</sup> Roberta S. Trites, *Waking Sleeping Beauty. Feminist Voices in Children’s Novels* (Iowa City: University of Iowa Press, 1997), 4.

narración que conta a historia do churreiro da vila, Pericles. A súa cotidianidade céntrase en traballar e pasear co seu can Argos. Ata que un día se namora dunha estrambótica moza, Tálata, unha muller-balea que ama a liberdade e acaba por marchar a navegar a unha illa do Caribe. O personaxe principal, modelo dunha masculinidade non normativa, decide partir na procura da amada. A importancia da obra radica en que Tálata é, en si mesma, un símbolo, xa que constitúe a primeira muller na historia da LIX galega que elixe libremente sen atender a consideracións sociais. Pero ademais, cómpre non esquecer a importancia da balea como símbolo de mamífero liberado, afirmado no goce e oposto ao poder masculino, tal e como sinala Helena González<sup>26</sup>. Por todo isto, e como xa sinalei noutro lugar<sup>27</sup>, pódese considerar un precedente da Penélope mariñeira que aparecerá tempo despois na produción poética de Torres e que será amplamente reivindicada polas poetas dos noventa.

Tan só un ano despois, María Xosé Queizán publica *O segredo da pedra figueira*. O relato está protagonizado por Lazo, unha moza pertencente á tribo dos Amala. O seu pobo vese obrigado a emigrar a outras terras tras ser invadidas as que lle eran propias. A longa viaxe dará a oportunidade á protagonista de acadar a madurez e de elixir o propio destino, rexeitando a oportunidade de ser a gardiá da Pedra Figueira: “quero ser unha muller como as mulleres. Como custodiante da Pedra sería unha intermediaria pero non tería decisión propia. Coñecería un Poder divino mais nunca acertaría co poder sobre min mesma”<sup>28</sup>. Isto significa que Lazo recupera a propia voz, unha voz que é fundamental para recuperar tamén a subxectividade feminina<sup>29</sup>. O valor deste texto é dobre: se por una banda é pioneiro en colocar a unha muller adolescente no punto central da ficción, pola outra faino dende unha óptica crítica co patriarcado<sup>30</sup>.

Nesta época, a evolución no tratamento das personaxes femininas camiñou parella ás innovacións temáticas que se produciron no seo do sistema. Á vez, as ficcións abalaban entre as representacións de nenas e mozas máis convencionais, describindo cativas pasivas e sen iniciativa, raras veces protagonistas, e as imaxes máis rompedoras e comprometidas, resultado da interacción que se produciu entre feminismo e literatura infantil e xuvenil.

### **Tempo de agromar (1986-1998): diferentes modelos de nenas**

O ocorrido na etapa de consolidación, entre 1986 e 1998<sup>31</sup>, é significativamente diferente. Os anos que se alongan nesta década supuxeron o establecemento dunha

<sup>26</sup> Helena González Fernández, *Elas e o paraugas totalizador* (Vigo: Xerais, 2005).

<sup>27</sup> Montse Pena Presas, “A muller contra a marea: Xohana Torres pioneira da literatura infantil galega”, *Grial*, 188 (2010): 44-51.

<sup>28</sup> María Xosé Queizán, *O segredo da pedra figueira* (Vigo: Xerais, 1985), 81.

<sup>29</sup> Trites, *Waking Sleeping Beauty*, 62.

<sup>30</sup> Cómpre non esquecer, ademais, que “feminist children’s novels constitute a genre concerned at the most basic level with making the reader aware of how and when she is controlled” (*Ibid.*, 11).

<sup>31</sup> Delimitase esta cronoloxía porque en 1986 se establece o Premio Merlín, o primeiro de literatura infantil en Galicia, e porque 1998 é o ano previo a que *O coelliño branco* gañe o Premio Nacional de Ilustración, o primeiro para unha obra de factura galega, o que significa unha visibilización da nosa LIX nun novo aspecto.

nómina de escritores e escritoras que se consolidaron obtendo o recoñecemento –en forma de premios e de lectores– dentro e fóra das fronteiras galegas. Primeiramente foron os que Manuel Bragado denominou “Xeración Lamote”: Agustín Fernández Paz, Xabier Docampo, Paco Martín e Fina Casalderrey, mais a estas fóronselles unindo, paulatinamente, creadores como Antón Cortizas, Miguel Vázquez Freire, Marilar Aleixandre, X. A Neira Cruz, Gloria Sánchez, An Alfaya e moitos máis. O tratamento dos xéneros que fai este grupo de creadores e creadoras é, de maneira xeral, máis igualitario. Desaparecen as imaxes máis estereotipadas que se atopaban na década anterior e aumenta considerablemente o número das personaxes femininas presentes nas obras e a variedade de liñas temáticas en que estas aparecen. Á vez, as ficcións con ideoloxía feminista explícita son tamén máis escasas.

En xeral, o que Hollindalle<sup>32</sup> denomina “ideoloxía na superficie” difumínase para abrir paso á “ideoloxía pasiva”, é dicir, a que ten que ver co sistema de valores do escritor que se deixa entrever no texto literario. Non obstante, algunhas das obras máis comprometidas coa cuestión do feminismo mantéñense e conviven a carón doutros textos moito máis subtís na abordaxe da cuestión. Pénsese, por exemplo, n’*O rei de nada e outros contos* (1988) de Sabela Álvarez Núñez ou n’*A expedición do Pacífico*<sup>33</sup> (1994) de Marilar Aleixandre, que acadará grande relevancia ao conseguir o Premio Merlín e o Premio da Crítica á creación literaria en galego. Este descenso de obras explicitamente feministas cómpre relacionalo con dous factores converxentes: a institucionalización que o feminismo acadou nos finais dos anos 80 e a “independencia ideolóxica” das novas narradoras, que en xeral<sup>34</sup>, como lembra Dolores Vilavedra, “consideran superados os condicionantes derivados da militancia feminista”<sup>35</sup>.

Os valores pasivos que aparecen na maioría das novelas desta época amosan a implicación dos produtores e produtoras na consecución da igualdade entre homes e mulleres. Un exemplo paradigmático de autor comprometido coa igualdade entre os sexos é Agustín Fernández Paz. As súas cativas (e tamén as súas mulleres, protagonistas dalgúns dos seus textos máis coñecidos<sup>36</sup>) soñan, batallan, investigan, estudan e viven. Sen estridencias. Raramente reivindicándose porque son os seus feitos os que as reivindicán, denotando a súa presenza nos textos e nos títulos (como amosan *Trece anos de Branca* ou *Rapazas*). As súas motivacións para comunicar a través dunha voz feminina en primeira persoa son diversas, como xa ten debullado polo miúdo<sup>37</sup>, pero atenden a unha conf uencia de elementos ideolóxicos (o interese do autor polo feminismo), sociolóxicos (o coñecemento da escaseza de personaxes femininos presentes nas obras) e creativos (a

<sup>32</sup> Hollindale, *Ideology and the Children’s Book*, 11.

<sup>33</sup> Esta obra será obxecto de análise polo miúdo na achega sobre Marilar Aleixandre, polo que se optou por non afondar nela nesta panorámica.

<sup>34</sup> Agás María Reimóndez, que sería unha clara excepción neste sentido.

<sup>35</sup> Vilavedra, “Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina”, 149-150.

<sup>36</sup> Pénsese en Laura Novo, protagonista de *Aire Negro*, ou nos diversos personaxes principais femininos que se atopan n’*O único que queda é o amor*.

<sup>37</sup> Agustín Fernández Paz, “Desde outra mirada”, Especial *De nenas e de libros*, culturagalega.org. <http://www.culturagalega.org/album/docs/desdeoutramirada.pdf> (última entrada 5-12-2013).



consciencia de atoparse máis cómodo narrando dende unha voz de muller ou de nena). Aínda así, é significativa a evolución que se percibe no tratamento do xénero na obra do autor, que avoga por un maior didacticismo en *Rapazas* (1994), para logo colocarse con naturalidade nunha narradora en primeira persoa con voz de muller, como ocorre en *Aire negro* (2000) ou en varios dos relatos d'*O único que queda é o amor* (2007).

En parte, o que ocorre na produción de Fernández Paz é unha mostra dunha transformación que, de maneira xeral, se produce na LIX galega respecto ao tratamento do sexo feminino. Da existencia duns textos máis reivindicativos e claramente feministas, marcadamente “a favor das nenas” e moi na liña da xa mencionada colección de Adela Turín, que conviven con outros onde o machismo resulta evidente, evolúese cara obras que comezan a ter en conta – polo menos de xeito cuantitativo e algunhas tamén de maneira cualitativa– ás mulleres. Estas narracións, non obstante, avogan –na súa maioría– por perder o contido explicitamente reivindicativo, apostando por unha caracterización dos personaxes femininos non moi diferente á que se realiza dos caracteres varóns.

Así, o modelo de cativas que prima nos textos deste período é o que foxe do estereotipo feminino máis tradicional e minimiza os aspectos discriminatorios máis evidentes. A presenza de nenas e mozas xeralízase en boa parte das tendencias temáticas: como na novela negra (pénsense en Clara Boia, personaxe de Cristina Frasié en *Mambo negro*), nos textos de alento mítico (*A princesa Lúa e o enigma de Kián* de Palmira G. Boullosa), nas obras de misterio e/ou terror (boa parte da produción de Fernández Paz ou *O conto dos sete medos* de Antón Cortizas), os textos realistas con contido intimista (¡Asústate, Merche! de Fina Casalderrey), a novela de aventuras (*A pirata Penamoura* de Daniel Buján), etc... A pesar de todo, os caracteres femininos seguen a ser menos en número ca os masculinos e a descrición das nenas e mozas céntrase nos parámetros do politicamente correcto, mais séguense a ofrecer escasos modelos alternativos de mozas e nenas. Isto provoca que as cativas continúen, en moitas ocasións, asumindo o estereotipo masculino ao carecer das suficientes imaxes positivas de mulleres<sup>38</sup>.

### Tempo de espera (1999-2010): novos modelos sen continuación

Nesta última década de produción (1999-2010)<sup>39</sup>, as protagonistas rapazas continúan aumentando, seguindo os parámetros que apuntaba xa o período precedente e amosando un continuismo relativamente renovador. Deste xeito, algunhas novelas ofrecen voces

<sup>38</sup> Teresa Colomer, “A favor de las niñas. El sexismo en la literatura infantil”, *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil (CLIJ)* 57 (1994): 20.

<sup>39</sup> Apuntáranse, tan só, algunhas liñas da evolución dos personaxes femininos debido á evidente cercanía temporal. Cómpre sinalar, como elementos externos caracterizadores desta época, que o perfil do escritor e da escritora xa non se axusta a ningún molde e na creación danse cita tanto autores infantoxuvenís xa clásicos, coma creadoras que se consolidaron na etapa anterior e tamén novas voces. A heteroxeneidade creadora é, polo tanto, especialmente vizosa. Igualmente, é este un tempo en que a LIX galega se caracteriza pola relevancia que adquiren os seus ilustradores e ilustradoras no panorama estatal e por ser o tempo en que dúas editoras –Kalandraka e OQO– renovan os parámetros da edición para a infancia e a mocidade en Galicia pola súa aposta polo álbum ilustrado.

femininas realmente singulares, que se perderan un tanto na –quizais necesaria, como paso previo á singularización– homoxeneización da figura das nenas da etapa anterior. Neste sentido, cómpre resaltar obras xuvenís como *O armiño dorme* (2003) de X.A. Neira Cruz<sup>40</sup>, novela de alento histórico ambientada na Florencia do S. XVI, onde Bianca de Médici se enfronta á súa realidade social pola forza dun amor; ou *A sombra descalza* (Premio Lazarillo, 2006) de An Alfaya<sup>41</sup>, onde a Guerra Civil funciona como pano referencial para que Elsa descubra as opresións e os segredos que manteñen presas –de voz e de vontade– ás mulleres da súa familia.

Cómpre tamén sinalar, como trazo característico desta época, o papel que algunhas editoras, nomeadamente Kalandraka e OQO, están levando a cabo como renovadoras dos personaxes dos contos populares de diferentes países e culturas. Isto resulta especialmente relevante se se ten en conta que os textos influenciados pola tradición oral axudaron tradicionalmente a crear unha imaxe desfasada das mulleres en obras modernas<sup>42</sup>. Porén, no panorama galego actual, autoras e autores como Marisa Núñez, Eva Mejuto ou Xerardo Quintiá, transforman os personaxes tradicionais, derrubando vellos estereotipos e creando novos modelos para nenas e nenos. Así, por exemplo, *Loboferoz* (2006) de Patacrúa<sup>43</sup> conta a historia dun lobo que xa non asusta a ninguén, e *Titiritesa* (2007) de Xerardo Quintiá, está protagonizado pola princesa que dá nome ao libro, que un día decide que namorou doutra princesa, Wendolina, e que é tempo de deixar atrás ao príncipe azul que seus pais queren para ela. Non obstante, o modelo de Titiritesa e a súa *outra* opción sexual alternativa non atopou continuidade –ata o momento– na LIX galega<sup>44</sup>. A temática do sexo –e das escollas que del se derivan– segue a ser un tabú nos libros infantoxuvenís, e mais especialmente se o amosado non coincide coa opción heteropatriarcal normativa.

Pese a todo, as liñas iniciadas nesta última década cómpre tomalas con precaución, dado que será só o paso do tempo o que consolide, suprima ou esgace o tratamento xenérico dos personaxes que apareceron nos textos. Polo momento, obsérvase un importante contraste entre as innovacións –como as nomeadas– no tratamento das mulleres e das nenas e a volta a modelos que parecían superados (algúns libros,

<sup>40</sup> Este autor xa amosara un exquisito coidado no tratamento e caracterización nas súas personaxes femininas en obras como *Valdemuller* (1998), unha historia realista de tintes fantásticos protagonizada por unha xinea de mulleres.

<sup>41</sup> Da mesma creadora é fundamental tamén *Illa soidade* (2007, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil), por dar voz a Soa, unha indixente de idade, que acelera o proceso de maduración de Lucía, a coprotagonista adolescente. Téñase en conta que as imaxes de mulleres que superan os 50 anos son aínda máis infrecuentes nos textos literarios infantís e xuvenís, especialmente se –coma neste caso– rompen o teito do esperado para a súa idade.

<sup>42</sup> Teresa Colomer, “A favor de las niñas. El sexismo en la literatura infantil”, 17.

<sup>43</sup> Trátase dun dos pseudónimos empregados habitualmente por Marisa Núñez.

<sup>44</sup> Refírome aquí exclusivamente a unha protagonista feminina que opte pola homosexualidade, xa que si se atopan na LIX galega personaxes masculinos homosexuais (como ocorre en textos como *Nano* de Concha Blanco, novela xuvenil certamente explicativa mais indicadora de que as escollas sexuais non normativas están a ocupar unha certa preocupación por parte dos mediadores e mediadoras, ou a tradución do manga *Bicame profa* da autora xaponesa Kazuma Kodaka en Edicións do Cumio, centrado nun amor adolescente entre dous mozos).

especialmente de literatura xuvenil, volven mostrar o estereotipo de mozo duro e insensible cuxa única aspiración vital semella ser atrapar e dominar á moza entregada e dependente). Este grande contraste parece ir parello aos tempos: namentres as necesidades sociais da colectividade avanza por un lado, as últimas graves involucións lexislativas claramente vencelladas cos dereitos das mulleres deixan ver tamén o seu efecto. A consecución formal da igualdade entre os sexos no papel nunca tivo un ref exo exacto nas ficcións infantoxuvenís, inda que si se podía percibir nas mesmas, polo que os retrocesos sociais tamén se manifestan nas narracións. A novela, como sinalaba Stendhal, segue a ser ese espello posto no camiño. Por sorte, a literatura tamén é o espazo das subversións, polo que se albiscan tempos convulsos, que aboiarán entre unha visión rupturista e alternativa –como forma de imaxinar outros mundos– cunha realidade legal ancorada no pasado e unha visión máis conservadora, froito do impacto dos retrocesos sociais vividos nos dous últimos anos.

### **A xeito de conclusións ou sobre a necesidade de continuar a camiñada**

Felicidad Orquín<sup>45</sup> aplica as teorías de Elaine Showalter á literatura infantil e xuvenil, establecendo que os textos literarios se poden clasificar en diferentes períodos se se atende ao tratamento das mulleres nos mesmos. A primeira época sería a da “literatura feminina”, centrada en que as nenas e mozas interiorizasen os modelos de muller impostos polo patriarcado: os de esposa, nai e filla. Agás as excepcións vistas, a LIX galega estaría mergullada neste período até 1985 aproximadamente. A segunda época sería a da “literatura feminista”, formada por obras redactadas a prol dos valores das mulleres, un xeito de sobrepoñerse aos estereotipos precedentes. Os textos infantís e xuvenís de noso entrarían nesta etapa –que conviviría nos seus primeiros anos coa anterior– a comezos dos oitenta, manténdose nela até unha década despois, e volvendo en momentos puntuais a ela. Por último, a terceira época sería a da “literatura de muller”, centrada na procura da identidade feminina e na valorización de modelos alternativos para as cativas. Este período é no que se atopan algunhas obras infantís e xuvenís galegas actuais<sup>46</sup>, mais só o decorrer temporal nos desvelará se se consolida como tendencia xeral. De momento, o que semella observarse é que tanto estes anos coma os vindeiros son tempos de fusión, onde a carón da “literatura de muller” segue observándose tanto “literatura feminista” como “literatura feminina”, seguramente porque a unha é unha contestación á outra. E algúns dos avances que se reclamaban<sup>47</sup> nos anos oitenta seguen sen estar acadados. Moito queda, polo tanto, por camiñar (e por ler). Non obstante, o que resulta evidente é que as importantes consecucións acadadas –a pesar dos avances e retrocesos case que continuos– son resultado directo das reivindicacións do movemento feminista que, deixando a súa pegada en certos grupos sociais, posibilitaron que o abano de mulleres que os textos mostran se

<sup>45</sup> Felicidad Orquín, “La nueva imagen de la mujer”, *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil (CLIJ)* 11(1989): 14-19.

<sup>46</sup> Entre elas, moitas das citadas neste artigo.

<sup>47</sup> Por exemplo, seguen sendo escasas as descricións de mulleres adultas traballadoras e de anciás, as máis escurcidas polos textos.

ampliase, se renovase e se puxese baixo o foco da ollada crítica. Porque unicamente así se pode acadar unha sociedade máis igualitaria, onde os elementos culturais asociados ao xénero feminino sexan valorizados e non constringidos baixo a óptica patriarcal.